

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 1 DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día 1 de xullo de dous mil dezaseis, reúnen os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Darío A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións de data 03-06-2016 e 17-06-2017.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción das actas das sesións epigrafada, non producíndose ningunha as actas son aprobadas por unanimidade.

2.-Licenzas de obras maiores.

2.1.-Solicitud de Santiago Cubillas Álvarez e Marta Fernández Tallón, para construción dunha vivenda unifamiliar aislada, no lugar de Obra de San Xiao.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Refª 0160630.05

*Expediente de autorización das obras de construción dun **VIVENDA UNIFAMILIAR**, no lugar de Pobo de S. Xiao, Concello de Lán cara, Provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polos arquitectos: D. ROBERTO LOPEZ PIÑEIRO, nº COAG: 1.444, y JOSE DONCEL CERVIÑO nº COAG: 1.635, en representación do estudio de arquitectura: DOPI ARQUITECTOS ASOCIADOS, NIF: B-27205533, e que promove D. Santiago Cubillas Álvarez con DNI: 10.199.498-X, y Dña. Marta Fernández Tallón, con DNI: 76.576.894-K, coa finalidade de obter as oportunas licenzas urbanísticas.*

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Lán cara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Antecedentes:

Que o promotor: D. Santiago Cubillas Álvarez, y Dña. Marta Fernández Tallón, pretende construír unha vivenda unifamiliar, polo que se piden as licenzas urbanísticas para a realización das obras:

A finca matriz sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro co nº 7472306PH2477S0001DM.

Según o resultado da segregación, a finca do proxecto posúe unha superficie total de: 1.876,68 m² dos cales 1.848,58 m² son a parcela a intervir e 28,10 m² corresponden a cesión para o establecemento da aliñación, segundo a ordenación establecida polo P.X.O.M. en vigor, do Concello de Lán cara.

E un presuposto de execución material de: 250.069,25 €.

Concello de Lán cara

2º Que parte da finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como **SOLO URBANO**, recollido na Ley 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos seguintes artigos. **Artigo 16º.- Solo urbano. Artigo 17º.- Categorias de solo urbano. Artigo 18º.- Solares. Artigo 19º. Dereitos dos propietarios do solo urbano consolidado.**

Artigo 16. Solo urbano

1. Os plans xerais e os plans básicos clasificarán como solo urbano os terreos que estean integrados na malla urbana existente, sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

a) Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, e con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

Para estes efectos, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as estradas e as vías da concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, agás cando estean integrados na malla urbana.

b) Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no punto anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral ou o plan básico establezan.

2. Para os efectos desta lei, considéranse incluídos na malla urbana os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías de acceso e comunicación e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do urdido urbanístico xa existente.

Artigo 17. Categorias de solo urbano

Os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías, sen prexuízo do disposto para os plans especiais no artigo 71.2:

Solo urbano consolidado, integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

PROXECTO: CUMPRE

Artigo 18. Soares

Terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

Artigo 19. Dereitos dos propietarios

Os propietarios de solo urbano teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. RÉXIME APLICABLE A OS MUNICIPIOS CON PLANEAMENTO NON ADAPTADO E A OS MUNICIPIOS SEN PLANEAMENTO.

1.0 Planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e adaptado á Lei 9/2002 de 30 de decembro, sobre a ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará su vigencia en vigor ata revisado ou adaptación para iso, de acordo coas seguintes regras:

a) O solo urbano, se lle aplicará plenamente as disposicións do seu planeamento.

PROXECTO: CUMPRE

3º.- Que a parcela de referencia atopase clasificada como solo urbano consolidado, Ordenanza Residencial Baixa Densidade 1 (RBD – 1) segundo establece o PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LÁN CARA, nos seus apartados:

CAPÍTULO 12. CONTROL DAS ACTUACIÓNS

ART. 12.2. ACTOS SUXEITOS A LICENZA URBANÍSTICA

Sen prexuízo da lexislación sectorial aplicable canto á obtención de autorizacións e permisos para a realización de actividades e, en particular, os actos recollidos no artigo 194.2 da Lei 9/2002, estarán suxeitas á obtención previa de licenza urbanística as obras e instalacións de calquera clase, incluídos os seguintes actos:

1 - As obras de construción de edificacións e instalacións de nova planta de todas as clases.

2 - As obras de ampliación de edificios e instalacións existentes de todas as clases.

3 - As obras de modificación ou reforma que afecten ás estruturas dos edificios e instalacións existentes de todas as clases.

4 - As obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións existentes de todas as clases.

5 - As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.

6 - As obras de instalación de servizos públicos.

7 - As parcelacións, tanto urbanísticas como rústicas.

8 - Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavación e aterraplenado, construción de piscinas ou pozos, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras que se han de executar nun Proxecto de Urbanización ou de Edificación aprobado ou autorizado.

9 - A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.

10 - Os usos e obras de carácter provisional a que se refire o art. 12.16 destas Normas.

11 - O uso do voo sobre as edificacións e instalacións existentes de todas as clases.

12 - A modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral.

13 - A demolición das construcións, salvo nos casos declarados de ruína inminente.

14 - As instalacións subterráneas dedicadas a aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo, independentemente da súa titularidade.

15 - A corta de árbores integradas en masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque, excepto os labores autorizados pola lexislación agraria.

16 - A colocación de carteis de propaganda, sexan ou non visibles dende a vía pública.

17 - A instalación ou situación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanentes, salvo que se efectúen en cámpings ou zonas de acampada legalmente autorizadas.

18 - A construción ou modificación de valados ou cerramentos.

19 - O acondicionamento de espazos libres de parcela.

20 - A construción ou modificación de pasos de carruaxes.

21 - A implantación de instalacións lixeiras, tales como quioscos ou casetas, na vía pública ou espazos libres.

ART. 12.13. REQUISITOS PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN

Para o outorgamento de licenzas de edificación deberán terse en conta os requisitos que se especifican nos seguintes epígrafes.

1 - En solo Urbano

a) Unicamente se poderán conceder licenzas en solo que teña a condición de soar, por contar cos servizos necesarios de acordo coa Lei 9/2002 e o planeamento, así como nos casos en que, estando ultimadas as obras de urbanización correspondentes aos servizos e infraestruturas básicos enumerados no artigo anterior, o solicitante se comprometa a completar a urbanización simultaneamente coa edificación e a tal efecto cumpra as seguintes condicións:

I) Na solicitude de licenza deberá comprometerse á urbanización e edificación simultáneas.

II) Prestará fianza equivalente ao 15% das obras de urbanización pendentes de realizar, segundo avaliación que o mesmo formule, que poderá ser rectificada polo concello en caso de separarse sensiblemente dos prezos reais.

III) Na solicitude comprometerase a non utilizar a edificación ata que estea concluída a obra de urbanización e a establecer tal condición nas cesións de solo de propiedade ou de uso que se realicen.

IV) O compromiso de urbanizar abranguerá no só as obras que afecten á fronte de fachada ou fachadas do terreo sobre o que se pretende construír, senón a todas as infraestruturas necesarias para que poida dotarse o edificio dos servizos públicos esixidos para a súa consideración de soar, realizados ata o punto de enlace coas redes xerais e viarias.

V) O incumprimento da obrigaón de urbanizar simultaneamente á edificación comportará a perda da fianza e a caducidade da licenza sen dereito a indemnización.

b) Nos solos suxeitos a reparcelación ou compensación non poderá outorgarse licenza de edificación mentres non teña adquirido firmeza en vía administrativa o correspondente proxecto de reparcelación ou compensación.

c) Non se autorizará a ocupación dos edificios ata que estea totalmente rematada a urbanización que lles afecte, achándose en condicións de funcionamento as subministracións de auga e enerxía eléctrica así como o saneamento.

ART. 12.14. TERMINACIÓN DAS OBRAS

1 - A tramitación para a terminación das obras de edificación de uso residencial estará suxeita ás determinacións establecidas no Decreto 29/2010 do 4 de marzo, sobre condicións de habitabilidade das vivendas.

2 - Rematada a construción dun edificio, calquera que sexa o seu uso, o concello poderá solicitar a tramitación da licenza de primeira ocupación, que deberá ir acompañada do certificado ou documento de final de obra, asinado polo técnico competente e co visado profesional correspondente.

3 - O concello, previa comprobación técnica de que a obra foi realizada con sometemento ao contido do proxecto ou, no seu caso, aos condicionantes impostos na licenza de construción, outorgará a de primeira ocupación se o uso é conforme coas prescricións do Plan Xeral, ou o planeamento de desenvolvemento.

4 - Se as obras non se axustaren ao planeamento ou ás condicións impostas, o concello actuará conforme ao disposto nos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, iniciándose expediente sancionador por infracción urbanística.

5 - As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga e telefonía esixirán para a contratación dos seus respectivos servizos a licenza de primeira ocupación do edificio.

CAPÍTULO 13. APROVEITAMENTO URBANÍSTICO

ART. 13.1. APROVEITAMENTO URBANÍSTICO DA PROPIEDAD

1 - Será de aplicación o establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei 9/2002, e demais lexislación urbanística de aplicación.

2 - Non se admitirá a trámite ningunha solicitude de licenza de obras de nova edificación que non vaia acompañada da documentación acreditativa do aproveitamento urbanístico dispoñible polo titular ou o compromiso de cesión correspondente.

3 - Salvo previsión expresa en contra deste Plan ou os instrumentos que o desenvolvan, entenderase que os aproveitamentos reais fixados polo planeamento teñen carácter obrigatorio, polo que os titulares de terreos deberán acreditar a dispoñibilidade de aproveitamentos ou terreos equivalentes á totalidade do aproveitamento real de cada parcela.

4 - En solo urbano consolidado non incluído en áreas de repartición, o aproveitamento urbanístico do titular dun terreo será o aproveitamento real, resultante da aplicación directa das ordenanzas ou normas urbanísticas á parcela edificable, sen prexuízo do dereito dos propietarios ao equitativo reparto de cargas e beneficios.

5 - O aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao titular dun terreo en solo urbano non consolidado incluído ou para incluír nun polígono para ser obxecto de execución integral, e polo tanto nunha área de repartición, así como en solo urbanizable, será o que resulte de aplicarlle ao seu terreo a porcentaxe establecida na lexislación urbanística respecto do aproveitamento tipo da área de repartición correspondente.

6 - O aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao titular dun terreo en solo de núcleo rural incluído nun plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, será o que resulte de aplicarlle ao seu terreo a porcentaxe establecida na lexislación urbanística respecto do proveitamento establecido no devandito planeamento.

7 - Nos supostos de reconstrución debida a forza maior considerarase a edificación como incorporada ao patrimonio dos seus titulares, e, por conseguinte, computarase como proveitamento patrimonializable o correspondente á totalidade do aproveitamento do edificio preexistente.

Esta regra non será de aplicación aos edificios que se encontren fóra de ordenación, en cuxo caso se aplicará o especificado nos puntos anteriores deste mesmo artigo.

CAPÍTULO 18. USO RESIDENCIAL (USO 1)

ART. 18.1. CONDICIÓNS XERAIS E TIPOS

1 - En todas as construcións destinadas a uso residencial de nova edificación ou creadas pola reconversión de vivendas existentes, serán de obrigado cumprimento as condicións mínimas de habitabilidade establecidas no Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia, ou normativa que a substitúa.

2 - As vivendas de protección oficial estarán suxeitas ás disposicións que dende o Estado o a Comunidade Autónoma as regulan.

3 - En promocións de vivendas, respectarase a proporción mínima de vivenda a persoas con mobilidade reducida permanente fixada en aplicación da Lei

8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o regulamento que a desenvolve (Decreto 35/2000) ou normativa que a substitúa.

4 - Serán de aplicación as normas de edificación xerais e as normas de protección do medio ambiente.

5 - Establécense os seguintes tipos:

a) Residencial tipo a: Unifamiliar.

Vivenda única destinada a residencia fixa dunha familia en parcela propia, podendo ser illada ou acaroadada segundo a ordenanza que afecte á zona.

ART. 18.2. PEZAS HABITABLES.

1 - Non se permitirán vivendas en plantas baixo rasante.

2 - En plantas de semisoto só se autorizará a existencia de pezas habitables, definidas de acordo co previsto nas Normas de Edificación, cando no estean adscritas a usos residenciais, salvo que se trate de pezas pertencentes a unha vivenda unifamiliar e que se cumpran as restantes condicións de calidade e hixiene.

PROXECTO: CUMPLE

ART. 18.3. DOTACIÓN DE APARCAMENTO

1 - Para uso residencial será obrigatoria a colocación dunha praza de aparcamento por cada vivenda construída, preferentemente no interior do edificio ou parcela, non obstante ditas prazas poderán situarse en edificios existentes ou en construcións distintas sempre que cumpran as seguintes condicións:

a) Que esté situada a menos de 250 m. do edificio a construír.

b) Que se constitúa una vinculación entre ambas fincas que supoña a constitución dun dereito real de servidume e que se inscriba no Rexistro da Propiedade coa condición de non poderse cancelar en tanto subsista a obriga.

2 - Será obrigatoria incluír un plano de circulacións e manobras dos garaxes-aparcamento nos proxectos de edificación para a concesión de la licenza municipal oportuna.

PROXECTO: CUMPLE

CAPÍTULO 28. CONDICIÓNS DE PARCELA

ART. 28.1. APLICACIÓN

As condicións de parcela aplicaranse a todos os tipos de obras de nova edificación, en solo urbano.

ART. 28.2. CONDICIÓNS PARA A NOVA EDIFICACIÓN NUNHA PARCELA

1 - O solo urbano non poderá ser edificado ata que a respectiva parcela mereza a cualificación de soar de acordo co previsto nas Normas Urbanísticas deste Plan Xeral.

2 - Só poderán considerarse cualificables as parcelas que reúnan os requisitos dimensionais establecidos no Plan Xeral para cada ordenanza.

3 - Cando existan parcelas, soares ou edificacións, fóra do ámbito do solo urbano consolidado establecido neste Plan Xeral, de dimensións inferiores ás establecidas nas normas particulares desta normativa ou con condicións de forma ou situación que non permitan a aplicación racional dos parámetros urbanísticos establecidos, poderáselle solicitar ao concello por parte dos propietarios afectados ou por iniciativa municipal, o establecemento de polígonos que incorporen as mencionadas propiedades.

4 - Exceptúanse do obrigado cumprimento da reserva total das prazas de aparcamento no interior da parcela que se poda establecer nas normas particulares desta Normativa, aquelas edificacións ou soares existentes á entrada en vigor deste Plan Xeral que cumpran os seguintes requisitos:

a) Edificios afectados pola ordenanza OCC (Conservación de Carácter)

b) Edificios con superficie de soar inferior a 160 m²

c) Parcelas con fondo inferior a 14 m.

d) Parcelas con frente inferior a 8 m.

e) Aquelas edificacións situadas en zonas sen acceso directo de vehículos; así como aquelas outras que polas súas circunstancias particulares podan, xustificadamente e a xuízo do Concello, no cumprimentar a necesaria reserva de prazas de aparcamento.

PROXECTO: CUMPLE

Art. 28.3 AGREGACIÓNS E SEGREGACIÓNS DE PARCELAS

1 - A segregación de fincas en que existira edificación deberá facerse con indicación da parte de edificabilidade xa consumida. En caso de ter esgotada a edificabilidade, a parcela será indivisible.

2 - A agregación de fincas coa mesma cualificación urbanística xerará unha edificabilidade total suma das parciais; se as fincas teñen distinta cualificación ou limitacións urbanísticas diferentes serán obxecto de expediente de reparcelación.

3 - En solo urbano non se permitirán segregacións cando poidan resultar parcelas sobrantes que non merezan a cualificación de soar, **salvo se teñen acceso dende o viario público ou dende un espazo libre con uso público con acceso directo dende unha vía urbana, e son obxecto de cesión gratuíta ao municipio.**

PROXECTO: CUMPLE

CAPÍTULO 32. CONDICIÓN S DE ESTÉTICA.

ART. 32.1. APLICACIÓN.

As condicións de estética aplicaranse a todos os tipos de "obras nos edificios" e "obras de nova edificación". No caso de tratarse de intervencións sobre elementos sometidos a algún réxime de protección patrimonial, ou a súa área de respecto, estará condicionada ó informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura.

ART. 32.2. FACHADAS. 1 - As fachadas dos edificios públicos ou privados así como as súas medianerías e paredes unidas ao descuberto, aínda que non sexan visibles dende a vía pública, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e estética.

2 - Todos os paramentos visibles dende o exterior deberán tratarse cos mesmos materiais e calidade cás fachadas, prohibíndose a súa impermeabilización con materiais bituminosos de cores escuras, a menos que estes sexan recubertos ou branqueados, así como a utilización como vistos de materiais fabricados para ser revestidos.

3 - Os corpos construídos sobre a cuberta dos edificios: caixas de escaleira, torres de refrixeración, depósitos de auga, chemineas, etc. quedarán integrados na composición do edificio ou ocultos. Procurarase especialmente a integración, ocultándoas ou encaixándoas nos paramentos, das liñas de condución de enerxía eléctrica e redes telefónicas e, así mesmo, que as antenas non sexan visibles dende a vía pública.

4 - Os proxectos de edificación conterán o deseño da fachada de todas as plantas, incluíndo a planta baixa cando esta admita usos diferentes ao de vivenda. Os cerramentos dos locais vacantes resolveranse de xeito que harmonicen co resto do edificio.

ART. 32.3. PECHE DE TERRAZAS.

1 - Só se permite nas edificacións existentes á entrada en vigor do Plan Xeral, e autorizarase exclusivamente cando se presente unha nova solución de toda a fachada ou dunha parte diferenciada dentro da mesma, o que haberá de xustificarse co acordo unánime da Xunta da Comunidade de Propietarios (ou calquera outro medio similar) de proceder a realizar a obra simultaneamente, en todos os elementos que configuran tal unidade. A tal efecto, achegarán co proxecto aval bancario polo importe do total das obras.

2 - Non se permite o peche de terrazas na planta baixo cuberta. En ningún caso poderán pecharse terrazas que non estean actualmente cubertas na súa parte superior, debendo ser sempre o erramento con superficies verticais.

3 - En edificios en que anteriormente se realizasen cerramentos anárquicos de terrazas, o concello poderá requirir a adecuación das mesmas para axustalas a unha solución de proxecto unitario.

ART. 32.4. OUTROS SAÍNTES.

1 - Os saíntes de xambas, molduras, pilastras e elementos similares poderán sobresaír da aliñación de parcela un máximo de 5 centímetros para beirarrúas de ancho ata un metro; e 5 centímetros máis por cada metro adicional, ata un máximo de 20 centímetros.

2 - Prohíbese que as persianas, bastidores, portas, vidreiras e demais elementos análogos das construcións se abran cara ao exterior, a excepción dos casos en que queden dentro das repisas dos balcóns ou dos antepeitos das ventás.

ART. 32.5. MARQUESIÑAS.

1 - A altura libre sobre a rasante da beirarrúa será igual ou superior a 3,00 metros. En edificios recuados da aliñación da rúa, a altura libre mínima sobre a rasante poderá reducirse a 2,50 metros.

2 - O saínte máximo non excederá dunha dimensión de 60 centímetros menos có ancho da beirarrúa; nas beirarrúas onde exista arboredo, considerarase a distancia ata a aliñación das árbores.

3 - Non se permite o vertido de augas á vía pública dende as marquesiñas nin a instalación sobre as mesmas de macetas ou outros obxectos móbiles.

ART. 32.6. TOLDOS.

Os toldos móbiles estarán situados en todos os seus puntos, incluso os de estrutura, a unha altura mínima de 2,20 metros sobre a rasante da beirarrúa. Os toldos fixos cumprirán as mesmas condicións cás marquesiñas.

ART. 32.7. SOPORTAIS.

Non se poderá exceder a aliñación oficial cos elementos verticais de apoio; o seu ancho interior libre (profundidade) ser igual ou superior a 2,40 metros e a súa altura ser, polo menos, a da planta baixa do edificio.

ART. 32.9. MEDIANERÍAS.

1 - En obras de nova edificación non se permite deixar medianeiras vistas sobre espazos libres, zonas verdes e equipamentos públicos.

2 - Os panos medianeiros e paredes unidas ao descuberto deberán tratarse ou decorarse cos mesmos materiais cá fachada ou con outros de suficiente calidade; en todo caso, de maneira que o seu aspecto e calidade sexan tan dignos como os da fachada.

3 - As licenzas que comporten deixar medianerías ou paredes unidas vistas, por derrubamento de edificios ou porque non se esgote a altura máxima permitida, haberán de incluír as condicións relativas ao tratamento que se lles deba dar ás mesmas, que deberá cumprir o titular da licenza.

4 - Salvo nestes supostos, será responsabilidade do propietario do edificio máis alto decorar e conservar os muros que aparezan ao descuberto sobre parcelas non edificables ou sobre edificacións contiguas, na parte que exceda da altura permitida polas ordenanzas correspondentes.

5 - Por razóns de ornato urbano, o concello poderá asumir a execución de obras de mellora de medianerías, en determinados espazos públicos de maior importancia visual e/ou estética.

ART. 32.10. CERRAMENTOS.

1 - Os soares e calquera outro terreo que indique o concello mediante resolución motivada deberán cercarse con cerramento permanente de altura mínima de 1,80 metros e máxima de 3,00 metros, situado na aliñación da

Concello de Lán cara

edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de ladrillo visto sen tratar.

2 - As parcelas con edificación entre medianerías e recuada poderán pechase con valados de altura máxima 2,50 metros.

3 - Nas parcelas con edificación illada, o cerramento dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes esteticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50 metros. Os lindeiros laterais ou testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pechase con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata a altura máxima de 2 metros.

4 - Exceptúanse aqueles edificios illados que, debido ao seu destino, requiran especiais medidas de seguridade; nese caso o cerramento axustarase ás súas necesidades.

5 - Non se permitirá en ningún caso o remate de cerramentos con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais nin a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con rebocados ou tratamentos similares.

ART. 32.11. URBANIZACIÓN E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS LIBRES PRIVADOS.

1 - Os servizos, instalacións e espazos libres privados, abertos á vía pública ou en patios interiores principais ou de rueiro, deberán ser urbanizados e conservados debidamente polos seus propietarios, en condicións de seguridade, limpeza e salubridade.

2 - O concello vixiará o cumprimento destas obrigacións e, no caso de que non se efectuasen debidamente, poderá realizar a súa conservación con cargo á propiedade das fincas.

3 - En casos excepcionais en que as malas condicións do terreo así o esixan, o concello obrigará ao propietario dun soar a realizar unha drenaxe por medio dun entubado que desaugue á rede de sumidoiros, no xeito que se determine en cada caso.

CAPÍTULO 37. ORDENANZA RBD. RESIDENCIAL DE BAIXA DENSIDADE

ART. 37.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

É o definido nos planos de Ordenación. Correspóndese coas áreas grafadas co códigos **RBD-1** e RBD-2. Será de aplicación en todas as zonas da cidade con tipoloxías de vivenda unifamiliar illada ou acaroada.

ART. 37.2. GRAOS DA ORDENANZA

Esta ordenanza comprende dous graos: RBD-1 e RBD-2, establecendo diferentes densidades de acordo coa localización respecto ó núcleo.

ART. 37.4. CONDICIÓNS DE USO

1 - Uso característico principal: Residencial (unifamiliar)

PROXECTO: CUMPLE

PROXECTO: CUMPLE

ART. 37.5. CONDICIÓNS DE PARCELA

1 - Parcela mínima:

a) Para RBD-1: 180 m²

PROXECTO: 1.848,58 m²

2 - Fronte mínima:

a) Para RBD-1: 12 m. (6 m no caso de acaroarse co colindante)

PROXECTO: 24,02 m

3 - Fondo mínimo:

a) Para RBD-1: 10 m

PROXECTO: 54,33 m

ART. 37.6. CONDICIÓNS DE POSICIÓN

1 - Ocupación máxima en planta:

Concello de Láncara

a) Para RBD-1: 150 m²

PROXECTO: 150 m²

2 - Recuamentos mínimos:

a) Á aliñación oficial:

I) Para RBD-1: Non hai recuamento.

b) Aos linderios laterais:

I) Para RBD-1: 3 m. coa posibilidade de acaroarse mediante acordo notarial co colindante, que deberá arrimarse tamén evitando medianeira vista.

PROXECTO: 3 m y 6 m a laterais.

ART. 37.7. CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE

1 - Tipoloxía:

Para RBD-1: Edificación unifamiliar illada ou acaroada. **PROXECTO:**

CUMPLE

2 - Coeficiente de edificabilidade: O resultante de aplicar as condicións de volume á parcela edificable.

ART. 37.8. CONDICIÓNS DE VOLUME

As condicións de volume serán as seguintes:

1 - Altura máxima: 2 Plantas e baixo cuberta (Baixa + 1 + BC) e 6,20 metros á cornixa.

PROXECTO: PLANTA BAJA + 1º + BAJOCUBIERTA: 6,10 metros á cornixa.

2 - Fondo máximo da edificación: Non se establece.

3 - Pendente máxima da cuberta: 30º, cunha altura máxima da cumieira de 4,00 m. dende a altura de cornixa.

PROXECTO: 24º (Altura da cumbrera: 2,46 m)

4 - Aproveitamento baixo cuberta: permítese o uso vivideiro baixo cuberta, de acordo coas Normas de Edificación desta normativa.

PROXECTO: CUMPLE

5 - Baixo rasante: permítese unha planta baixo rasante (soto ou semisoto), de acordo coas Normas de Edificación.

PROXECTO: CUMPLE

E polo que se informa FAVORABLE, debido cumprimento das condicións que establece o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lán cara”.

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, a don Santiago Cubillas Álvarez e dona Marta Fernández Tallón, licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, na Rúa Castelao de A Pobra de San Xiao, proxecto redactado polos arquitectos don José Doncel Cerviño, colexiado nº 1635 do COAG e don Roberto López Piñeiro, colexiado nº 1444 polo COAG, coa estrita observancia dos condicionados establecidos no informe técnico municipal emitido en data 30 de xuño de 2016, debendo aportar o promotor o proxecto de execución e compromisos de dirección de obra debidamente visados polo colexio profesional correspondente, tal e como se sinala no informe da arquitecto asesor municipal.

Igualmente, acéptase a cesión gratuíta de terreos necesaria para o establecemento de aliñacións.

Concello de Lán cara

Segundo.- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e remataranse no de tres anos. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza. O prazo fixado para o inicio ou finalización da obra poderá prorrogarse por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa do interesado formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sea conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cuarto.- Antes de comeza-las obras deberase proceder ó seu valado, segundo se sinala polos servizos técnicos do concello, debendo colocarse dentro do perímetro valado tódolos materiais e maquinaria que se empreguen na súa construción.

Quinto.- A obra executarase baixo dirección técnica e coas debidas condicións de seguridade.

Sexto.- O Autorizado en canto suxeito pasivo do Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza Urbana ven obrigado a formalizar a correspondente declaración de alta no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da terminación das obras, segundo se dispón polo artigo 76 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións de desenvolvemento, nomeadamente o Real Decreto 1448/1989, do 1 de decembro.

Sétimo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de **7.752,15** euros, cota bonificada 20%(debendo acreditar,no prazo dun ano, unha vez rematada a construción que é vivenda habitual) **6.201,72euros**.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación de que a tenor do establecido no art. 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pon fin á vía administrativa , poderá presentar a súa elección:

Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que dictou este acordo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación.

Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

O prazo para resolución e notificación do recurso de reposición será de un mes, contra a desestimación expresa, ou presunta polo transcurso do prazo de un mes, poderá presentar recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional e no prazo antes mencionado.

Sen perxuízo disto, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exercitar as accións que procedan ante a xurisdición competente.

2.2.-Solicitud de Santiago Cubillas Álvarez e Marta Fernández Tallón, para construción dun garaxe privado de 4 prazas, no lugar de A Pobra de San Xiao.

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

"Refª 0160630.04

*Expediente de autorización das obras de construción dun **GARAXE PRIVADO DE 4 PRAZAS**, no lugar de Poboia de S. Xiao, Concello de Lánacara, Provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polos arquitectos: D. ROBERTO LOPEZ PIÑEIRO, nº COAG: 1.444, y JOSE DONCEL CERVIÑO nº COAG:1.635, en representación do estudio de arquitectura: DOPI ARQUITECTOS ASOCIADOS, SLP 20162. e que promove D. Santiago Cubillas Álvarez con DNI: 10.199.498-X, y Dña. Marta Fernández Tallón, con DNI: 76.576.894-K, coa finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.*

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Lánacara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Antecedentes:

Que o promotor: D. Santiago Cubillas Álvarez, y Dña. Marta Fernández Tallón, pretende construír un garaxe privado de 4 prazas, y vinculalo a unha vivenda unifamiliar que se construír en la parcela colindante, propiedade dos mesmos promotores, polo que se piden as licenza urbanísticas para a realización das obras:

A finca matriz sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro co nº 7472306PH2477S0001DM.

Según o resultado da segregación, a finca do proxecto posúe unha superficie total de: 426,00 m² dos cales 384.90m² e 41.70 m² corresponden a cesión para o establecemento da aliñación segundo a ordenación establecida polo P.X.O.M. en vigor, do Concello de Lánacara.

E un presuposto de execución material de: 30.000,00 €.

*2º Que parte da finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como **SOLO URBANO**, recollido na Ley 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos seguintes artigos. **Artigo 16º.- Solo urbano. Artigo 17º.- Categorías de solo urbano. Artigo 18º.- Solares. Artigo 19º. Dereitos dos propietarios do solo urbano consolidado.***

Artigo 16. Solo urbano

1. Os plans xerais e os plans básicos clasificarán como solo urbano os terreos que estean integrados na malla urbana existente, sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

a) Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, e con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

Concello de Lánacara

Para estes efectos, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as estradas e as vías da concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, agás cando estean integrados na malla urbana.

b) Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no punto anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral ou o plan básico establezan.

2. Para os efectos desta lei, considéranse incluídos na malla urbana os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías de acceso e comunicación e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do urdido urbanístico xa existente.

PROXECTO: CUMPRE

Artigo 17. Categorías de solo urbano

Os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías, sen prexuízo do disposto para os plans especiais no artigo 71.2:

Solo urbano consolidado, integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

PROXECTO: CUMPRE

Artigo 18. Soares

Terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

PROXECTO: CUMPRE

Artigo 19. Dereitos dos propietarios

Os propietarios de solo urbano teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

PROXECTO: CUMPRE

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. RÉXIME APLICABLE A OS MUNICIPIOS CON PLANEAMENTO NON ADAPTADO E A OS MUNICIPIOS SEN PLANEAMENTO.

1.0 Planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e adaptado á Lei 9/2002 de 30 de decembro, sobre a ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará su vigencia en vigor ata revisado ou adaptación para iso, de acordo coas seguintes regras:

a) O solo urbano, se lle aplicará plenamente as disposicións do seu planeamento.

PROXECTO: CUMPRE

3º.- Que a parcela de referencia atopase clasificada como solo urbano consolidado, Ordenanza Residencial Baixa Densidade 1 (RBD – 1) segundo establece o PLAN XERAL ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LÁNCARA, nos seus apartados:

CAPÍTULO 12. CONTROL DAS ACTUACIÓN S

ART. 12.2. ACTOS SUXEITOS A LICENZA URBANÍSTICA

Sen prexuízo da lexislación sectorial aplicable canto á obtención de autorización s e permisos para a realización de actividades e, en particular, os actos recollidos no artigo 194.2 da Lei 9/2002, estarán suxeitas á obtención previa de licenza urbanística as obras e instalación s de calquera clase, incluídos os seguintes actos:

1 - As obras de construción de edificación s e instalación s de nova planta de todas as clases.

2 - As obras de ampliación de edificios e instalación s existentes de todas as clases.

3 - As obras de modificación ou reforma que afecten ás estruturas dos edificios e instalación s existentes de todas as clases.

4 - As obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalación s existentes de todas as clases.

5 - As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios, calquera que sexa o seu uso.

6 - As obras de instalación de servizos públicos.

7 - As parcelación s, tanto urbanísticas como rústicas.

8 - Os movementos de terra, tales como desmontes, explanación s, escavación e aterraplenado, construción de piscinas ou pozos, salvo que tales actos estean detallados e programados como obras que se han de executar nun Proxecto de Urbanización ou de Edificación aprobado ou autorizado.

9 - A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalación s en xeral.

10 - Os usos e obras de carácter provisional a que se refire o art. 12.16 destas Normas.

11 - O uso do voo sobre as edificación s e instalación s existentes de todas as clases.

12 - A modificación do uso dos edificios e instalación s en xeral.

13 - A demolición das construción s, salvo nos casos declarados de ruína inminente.

14 - As instalación s subterráneas dedicadas a aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo, independentemente da súa titularidade.

15 - A corta de árbores integradas en masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque, excepto os labores autorizados pola lexislación agraria.

16 - A colocación de carteis de propaganda, sexan ou non visibles dende a vía pública.

17 - A instalación ou situación de casas prefabricadas e instalación s similares, provisionais ou permanentes, salvo que se efectúen en cámpings ou zonas de acampada legalmente autorizadas.

18 - A construción ou modificación de valados ou cerramentos.

19 - O acondicionamento de espazos libres de parcela.

20 - A construción ou modificación de pasos de carruaxes.

21 - A implantación de instalación s lixeiras, tales como quioscos ou casetas, na vía pública ou espazos libres.

ART. 12.13. REQUISITOS PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN

Para o outorgamento de licenzas de edificación deberán terse en conta os requisitos que se especifican nos seguintes epígrafes.

1 - En solo Urbano

a) Unicamente se poderán conceder licenzas en solo que teña a condición de soar, por contar cos servizos necesarios de acordo coa Lei 9/2002 e o planeamento,

así como nos casos en que, estando ultimadas as obras de urbanización correspondentes aos servizos e infraestruturas básicos enumerados no artigo anterior, o solicitante se comprometa a completar a urbanización simultaneamente coa edificación e a tal efecto cumpra as seguintes condicións:

I) Na solicitude de licenza deberá comprometerse á urbanización e edificación simultáneas.

II) Prestará fianza equivalente ao 15% das obras de urbanización pendentes de realizar, segundo avaliación que o mesmo formule, que poderá ser rectificada polo concello en caso de separarse sensiblemente dos prezos reais.

III) Na solicitude comprometerase a non utilizar a edificación ata que estea concluída a obra de urbanización e a establecer tal condición nas cesións de solo de propiedade ou de uso que se realicen.

IV) O compromiso de urbanizar abranguerá no só as obras que afecten á fronte de fachada ou fachadas do terreo sobre o que se pretende construír, senón a todas as infraestruturas necesarias para que poida dotarse o edificio dos servizos públicos esixidos para a súa consideración de soar, realizados ata o punto de enlace coas redes xerais e viarias.

V) O incumprimento da obrigaçión de urbanizar simultaneamente á edificación comportará a perda da fianza e a caducidade da licenza sen dereito a indemnización.

b) Nos solos suxeitos a reparcelación ou compensación non poderá outorgarse licenza de edificación mentres non teña adquirido firmeza en vía administrativa o correspondente proxecto de reparcelación ou compensación.

c) Non se autorizará a ocupación dos edificios ata que estea totalmente rematada a urbanización que lles afecte, achándose en condicións de funcionamento as subministracións de auga e enerxía eléctrica así como o saneamento.

ART. 12.14. TERMINACIÓN DAS OBRAS

1 - A tramitación para a terminación das obras de edificación de uso residencial estará suxeita ás determinacións establecidas no Decreto 29/2010 do 4 de marzo, sobre condicións de habitabilidade das vivendas.

2 - Rematada a construción dun edificio, calquera que sexa o seu uso, o concello poderá solicitar a tramitación da licenza de primeira ocupación, que deberá ir acompañada do certificado ou documento de final de obra, asinado polo técnico competente e co visado profesional correspondente.

3 - O concello, previa comprobación técnica de que a obra foi realizada con sometemento ao contido do proxecto ou, no seu caso, aos condicionantes impostos na licenza de construción, outorgará a de primeira ocupación se o uso é conforme coas prescricións do Plan Xeral, ou o planeamento de desenvolvemento.

4 - Se as obras non se axustaren ao planeamento ou ás condicións impostas, o concello actuará conforme ao disposto nos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, iniciándose expediente sancionador por infracción urbanística.

5 - As empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga e telefonía esixirán para a contratación dos seus respectivos servizos a licenza de primeira ocupación do edificio.

CAPÍTULO 13. APROVEITAMENTO URBANÍSTICO

ART. 13.1. APROVEITAMENTO URBANÍSTICO DA PROPIEDAD

1 - Será de aplicación o establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei 9/2002, e demais lexislación urbanística de aplicación.

2 - Non se admitirá a trámite ningunha solicitude de licenza de obras de nova edificación que non vaia acompañada da documentación acreditativa do aproveitamento urbanístico dispoñible polo titular ou o compromiso de cesión correspondente.

3 - Salvo previsión expresa en contra deste Plan ou os instrumentos que o desenvolvan, entenderase que os aproveitamentos reais fixados polo planeamento teñen carácter obrigatorio, polo que os titulares de terreos deberán acreditar a dispoñibilidade de aproveitamentos ou terreos equivalentes á totalidade do aproveitamento real de cada parcela.

4 - En solo urbano consolidado non incluído en áreas de repartición, o aproveitamento urbanístico do titular dun terreo será o aproveitamento real, resultante da aplicación directa das ordenanzas ou normas urbanísticas á parcela edificable, sen prexuízo do dereito dos propietarios ao equitativo reparto de cargas e beneficios.

5 - O aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao titular dun terreo en solo urbano non consolidado incluído ou para incluír nun polígono para ser obxecto de execución integral, e polo tanto nunha área de repartición, así como en solo urbanizable, será o que resulte de aplicarlle ao seu terreo a porcentaxe establecida na lexislación urbanística respecto do aproveitamento tipo da área de repartición correspondente.

6 - O aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao titular dun terreo en solo de núcleo rural incluído nun plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, será o que resulte de aplicarlle ao seu terreo a porcentaxe establecida na lexislación urbanística respecto do proveitamento establecido no devandito planeamento.

7 - Nos supostos de reconstrución debida a forza maior considerarase a edificación como incorporada ao patrimonio dos seus titulares, e, por conseguinte, computarase como proveitamento patrimonializable o correspondente á totalidade do aproveitamento do edificio preexistente.

Esta regra non será de aplicación aos edificios que se encontren fóra de ordenación, en cuxo caso se aplicará o especificado nos puntos anteriores deste mesmo artigo.

CAPÍTULO 18. USO RESIDENCIAL (USO 1)

ART. 18.1. CONDICIÓNS XERAIS E TIPOS

1 - En todas as construcións destinadas a uso residencial de nova edificación ou creadas pola reconversión de vivendas existentes, serán de obrigado cumprimento as condicións mínimas de habitabilidade establecidas no Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia, ou normativa que a substitúa.

2 - As vivendas de protección oficial estarán suxeitas ás disposicións que dende o Estado o a Comunidade Autónoma as regulan.

3 - En promocións de vivendas, respectarase a proporción mínima de vivenda a persoas con mobilidade reducida permanente fixada en aplicación da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o regulamento que a desenvolve (Decreto 35/2000) ou normativa que a substitúa.

4 - i Serán de aplicación as normas de edificación xerais e as normas de protección do medio ambiente.

5 - Establécense os seguintes tipos:

a) Residencial tipo a: Unifamiliar.

Vivenda única destinada a residencia fixa dunha familia en parcela propia, podendo ser illada ou acaroadada segundo a ordenanza que afecte á zona.

ART. 18.2. PEZAS HABITABLES.

1 - Non se permitirán vivendas en plantas baixo rasante.

2 - En plantas de semisoto só se autorizará a existencia de pezas habitables, definidas de acordo co previsto nas Normas de Edificación, cando no estean

adscritas a usos residenciais, salvo que se trate de pezas pertencentes a unha vivenda unifamiliar e que se cumpran as restantes condicións de calidade e hixiene.

PROXECTO: CUMPLE

ART. 18.3. DOTACIÓN DE APARCAMENTO

1 - Para uso residencial será obrigatoria a colocación dunha praza de aparcamento por cada vivenda construída, preferentemente no interior do edificio ou parcela, non obstante ditas prazas poderán situarse en edificios existentes ou en construcións distintas sempre que cumpran as seguintes condicións:

a) Que esté situada a menos de 250 m. do edificio a construír.

b) Que se constitúa una vinculación entre ambas fincas que supoña a constitución dun dereito real de servidume e que se inscriba no Rexistro da Propiedade coa condición de non poderse cancelar en tanto subsista a obriga.

2 - Será obrigatoria incluír un plano de circulacións e manobras dos garaxes-aparcamento nos proxectos de edificación para a concesión de la licenza municipal oportuna.

PROXECTO: CUMPLE

APÍTULO 28. CONDICIÓNS DE PARCELA

ART. 28.1. APLICACIÓN

As condicións de parcela aplicaranse a todos os tipos de obras de nova edificación, en solo urbano.

ART. 28.2. CONDICIÓNS PARA A NOVA EDIFICACIÓN NUNHA PARCELA

1 - O solo urbano non poderá ser edificado ata que a respectiva parcela mereza a cualificación de soar de acordo co previsto nas Normas Urbanísticas deste Plan Xeral.

2 - Só poderán considerarse cualificables as parcelas que reúnan os requisitos dimensionais establecidos no Plan Xeral para cada ordenanza.

3 - Cando existan parcelas, soares ou edificacións, fóra do ámbito do solo urbano consolidado establecido neste Plan Xeral, de dimensións inferiores ás establecidas nas normas particulares desta normativa ou con condicións de forma ou situación que non permitan a aplicación racional dos parámetros urbanísticos establecidos, poderáselle solicitar ao concello por parte dos propietarios afectados ou por iniciativa municipal, o establecemento de polígonos que incorporen as mencionadas propiedades.

4 - Exceptúanse do obrigado cumprimento da reserva total das prazas de aparcamento no interior da parcela que se poda establecer nas normas particulares desta Normativa, aquelas edificacións ou soares existentes á entrada en vigor deste Plan Xeral que cumpran os seguintes requisitos:

a) Edificios afectados pola ordenanza OCC (Conservación de Carácter)

b) Edificios con superficie de soar inferior a 160 m²

c) Parcelas con fondo inferior a 14 m.

d) Parcelas con frente inferior a 8 m.

e) Aquelas edificacións situadas en zonas sen acceso directo de vehículos; así como aquelas outras que polas súas circunstancias particulares podan, xustificadamente e a xuízo do Concello, no cumprimentar a necesaria reserva de prazas de aparcamento.

PROXECTO: CUMPLE

Art. 28.3 AGREGACIÓNS E SEGREGACIÓNS DE PARCELAS

1 - A segregación de fincas en que existira edificación deberá facerse con indicación da parte de edificabilidade xa consumida. En caso de ter esgotada a edificabilidade, a parcela será indivisible.

2 - A agregación de fincas coa mesma cualificación urbanística xerará unha edificabilidade total suma das parciais; se as fincas teñen distinta cualificación ou limitacións urbanísticas diferentes serán obxecto de expediente de reparcelación.

Concello de Lán cara

3 - En solo urbano non se permitirán segregacións cando poidan resultar parcelas sobrantes que non merezan a cualificación de soar, **salvo se teñen acceso dende o viario público ou dende un espazo libre con uso público con acceso directo dende unha vía urbana, e son obxecto de cesión gratuíta ao municipio.**

PROXECTO: CUMPLE

CAPÍTULO 32. CONDICIÓN S DE ESTÉTICA.

ART. 32.1. APLICACIÓN.

As condicións de estética aplicaranse a todos os tipos de "obras nos edificios" e "obras de nova edificación". No caso de tratarse de intervencións sobre elementos sometidos a algún réxime de protección patrimonial, ou a súa área de respecto, estará condicionada ó informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura.

ART. 32.2. FACHADAS. 1 - As fachadas dos edificios públicos ou privados así como as súas medianerías e paredes unidas ao descuberto, aínda que non sexan visibles dende a vía pública, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e estética.

2 - Todos os paramentos visibles dende o exterior deberán tratarse cos mesmos materiais e calidade cás fachadas, prohibíndose a súa impermeabilización con materiais bituminosos de cores escuras, a menos que estes sexan recubertos ou branqueados, así como a utilización como vistos de materiais fabricados para ser revestidos.

3 - Os corpos construídos sobre a cuberta dos edificios: caixas de escaleira, torres de refrixeración, depósitos de auga, chemineas, etc. quedarán integrados na composición do edificio ou ocultos. Procurarase especialmente a integración, ocultándoas ou encaixándoas nos paramentos, das liñas de condución de enerxía eléctrica e redes telefónicas e, así mesmo, que as antenas non sexan visibles dende a vía pública.

4 - Os proxectos de edificación conterán o deseño da fachada de todas as plantas, incluíndo a planta baixa cando esta admita usos diferentes ao de vivenda. Os cerramentos dos locais vacantes resolveranse de xeito que harmonicen co resto do edificio.

ART. 32.3. PECHE DE TERRAZAS.

1 - Só se permite nas edificacións existentes á entrada en vigor do Plan Xeral, e autorizarase exclusivamente cando se presente unha nova solución de toda a fachada ou dunha parte diferenciada dentro da mesma, o que haberá de xustificarse co acordo unánime da Xunta da Comunidade de Propietarios (ou calquera outro medio similar) de proceder a realizar a obra simultaneamente, en todos os elementos que configuran tal unidade. A tal efecto, achegarán co proxecto aval bancario polo importe do total das obras.

2 - Non se permite o peche de terrazas na planta baixo cuberta. En ningún caso poderán pecharse terrazas que non estean actualmente cubertas na súa parte superior, debendo ser sempre o erramento con superficies verticais.

3 - En edificios en que anteriormente se realizasen cerramentos anárquicos de terrazas, o concello poderá requirir a adecuación das mesmas para axustalas a unha solución de proxecto unitario.

ART. 32.4. OUTROS SAÍN TES.

1 - Os saín tes de xambas, molduras, pilastras e elementos similares poderán sobresaír da aliñación de parcela un máximo de 5 centímetros para beirarrúas de ancho ata un metro; e 5 centímetros máis por cada metro adicional, ata un máximo de 20 centímetros.

2 - *Prohíbese que as persianas, bastidores, portas, vidreiras e demais elementos análogos das construcións se abran cara ao exterior, a excepción dos casos en que queden dentro das repisas dos balcóns ou dos antepeitos das ventás.*

ART. 32.5. MARQUESIÑAS.

1 - *A altura libre sobre a rasante da beirarrúa será igual ou superior a 3,00 metros. En edificios recuados da aliñación da rúa, a altura libre mínima sobre a rasante poderá reducirse a 2,50 metros.*

2 - *O saínte máximo non excederá dunha dimensión de 60 centímetros menos có ancho da beirarrúa; nas beirarrúas onde exista arboredo, considerarase a distancia ata a aliñación das árbores.*

3 - *Non se permite o vertido de augas á vía pública dende as marquesiñas nin a instalación sobre as mesmas de macetas ou outros obxectos móbiles.*

ART. 32.6. TOLDOS.

Os toldos móbiles estarán situados en todos os seus puntos, incluso os de estrutura, a unha altura mínima de 2,20 metros sobre a rasante da beirarrúa. Os toldos fixos cumprirán as mesmas condicións cás marquesiñas.

ART. 32.7. SOPORTAIS.

Non se poderá exceder a aliñación oficial cos elementos verticais de apoio; o seu ancho interior libre (profundidade) ser igual ou superior a 2,40 metros e a súa altura ser, polo menos, a da planta baixa do edificio.

ART. 32.9. MEDIANERÍAS.

1 - *En obras de nova edificación non se permite deixar medianeiras vistas sobre espazos libres, zonas verdes e equipamentos públicos.*

2 - *Os panos medianeiros e paredes unidas ao descuberto deberán tratarse ou decorarse cos mesmos materiais cá fachada ou con outros de suficiente calidade; en todo caso, de maneira que o seu aspecto e calidade sexan tan dignos como os da fachada.*

3 - *As licenzas que comporten deixar medianerías ou paredes unidas vistas, por derrubamento de edificios ou porque non se esgote a altura máxima permitida, haberán de incluír as condicións relativas ao tratamento que se lles deba dar ás mesmas, que deberá cumprir o titular da licenza.*

4 - *Salvo nestes supostos, será responsabilidade do propietario do edificio máis alto decorar e conservar os muros que aparezan ao descuberto sobre parcelas non edificables ou sobre edificacións contiguas, na parte que exceda da altura permitida polas ordenanzas correspondentes.*

5 - *Por razóns de ornato urbano, o concello poderá asumir a execución de obras de mellora de medianerías, en determinados espazos públicos de maior importancia visual e/ou estética.*

ART. 32.10. CERRAMENTOS.

1 - *Os soares e calquera outro terreo que indique o concello mediante resolución motivada deberán cercarse con cerramento permanente de altura mínima de 1,80 metros e máxima de 3,00 metros, situado na aliñación da edificación e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación, podendo establecerse, por parte do concello, condicións particulares en cada caso. Non se permite a utilización da fábrica de ladrillo visto sen tratar.*

2 - *As parcelas con edificación entre medianerías e recuada poderán pecharse con valados de altura máxima 2,50 metros.*

3 - *Nas parcelas con edificación illada, o cerramento dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes esteticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50 metros. Os lindeiros laterais ou testeiros entre distintas parcelas con edificación illada poderán pecharse con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata a altura máxima de 2 metros.*

Concello de Lán cara

4 - Exceptúanse aqueles edificios illados que, debido ao seu destino, requiran especiais medidas de seguridade; nese caso o cerramento axustarase ás súas necesidades.

5 - Non se permitirá en ningún caso o remate de cerramentos con elementos que poidan causar lesións a persoas ou animais nin a utilización de fábricas vistas de ladrillo, debendo tratarse con rebocados ou tratamentos similares.

ART. 32.11. URBANIZACIÓN E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS LIBRES PRIVADOS.

1 - Os servizos, instalacións e espazos libres privados, abertos á vía pública ou en patios interiores principais ou de rueiro, deberán ser urbanizados e conservados debidamente polos seus propietarios, en condicións de seguridade, limpeza e salubridade.

2 - O concello vixiará o cumprimento destas obrigacións e, no caso de que non se efectuasen debidamente, poderá realizar a súa conservación con cargo á propiedade das fincas.

3 - En casos excepcionais en que as malas condicións do terreo así o esixan, o concello obrigará ao propietario dun soar a realizar unha drenaxe por medio dun entubado que desaugue á rede de sumidoiros, no xeito que se determine en cada caso.

CAPÍTULO 37. ORDENANZA RBD. RESIDENCIAL DE BAIXA DENSIDADE

ART. 37.1. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

É o definido nos planos de Ordenación. Correspóndese coas áreas grafadas co códigos **RBD-1** e RBD-2. Será de aplicación en todas as zonas da cidade con tipoloxías de vivenda unifamiliar illada ou acaroada.

ART. 37.2. GRAOS DA ORDENANZA

Esta ordenanza comprende dous graos: RBD-1 e RBD-2, establecendo diferentes densidades de acordo coa localización respecto ó núcleo.

ART. 37.4. CONDICIÓNS DE USO

1 - Uso característico principal: Residencial (unifamiliar)

4.1.- Garda do automóbil. Tipo a.

PROXECTO: CUMPLE

PROXECTO: CUMPLE

ART. 37.5. CONDICIÓNS DE PARCELA

1 - Parcela mínima:

a) Para RBD-1: 180 m² **PROXECTO: 384,90 m²**

2 - Fronte mínima:

a) Para RBD-1: 12 m. (6 m no caso de acaroarse co colindante)

PROXECTO: 16.76 m²

3 - Fondo mínimo:

a) Para RBD-1: 10 m **PROXECTO: 22.95 m²**

ART. 37.6. CONDICIÓNS DE POSICIÓN

1 - Ocupación máxima en planta:

a) Para RBD-1: 150 m² **PROXECTO: 76.45 m²**

2 - Recuamentos mínimos:

a) Á aliñación oficial:

I) Para RBD-1: Non hai recuamento.

b) Aos linderios laterais:

I) Para RBD-1: 3 m. coa posibilidade de acaroarse mediante acordo notarial co colindante, que deberá arrimarse tamén evitando medianeira vista.

PROXECTO: 3 m a laterais.

ART. 37.7. CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE

1 - Tipoloxía:

Concello de Lán cara

Para RBD-1: Edificación unifamiliar illada ou acaroadada.

PROXECTO: CUMPLE

2 - Coeficiente de edificabilidade: O resultante de aplicar as condicións de volume á parcela edificable.

ART. 37.8. CONDICIÓN S DE VOLUME

As condicións de volume serán as seguintes:

1 - Altura máxima: 2 Plantas e baixo cuberta (Baixa + 1 + BC) e 6,20 metros á cornixa.

PROXECTO: PLANTA BAJA H: 5.21m

2 - Fondo máximo da edificación: Non se establece.

3 - Pendente máxima da cuberta: 30º, cunha altura máxima da cumieira de 4,00 m. dende a altura de cornixa.

PROXECTO: 24º

4 - Aproveitamento baixo cuberta: permítese o uso vivideiro baixo cuberta, de acordo coas Normas de Edificación desta normativa.

PROXECTO: CUMPLE

5 - Baixo rasante: permítese unha planta baixo rasante (soto ou semisoto), de acordo coas Normas de Edificación.

PROXECTO: CUMPLE

E polo que se informa FAVORABLE, debido cumprimento das condicións que establece o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Lán cara."

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, a don Santiago Cubillas Álvarez e dona Marta Fernández Tallón, licenza municipal de obras **para construción dun garaxe privado de 4 prazas, Rúa Castelao de A Pobra de San Xiao**, proxecto redactado polos arquitectos don José Doncel Cerviño, colexiado nº 1635 do COAG e don Roberto López Piñeiro, colexiado nº 1444 polo COAG, coa estrita observancia dos condicionados establecidos no informe técnico municipal emitido en data 30 de xuño de 2016, debendo aportar o promotor o proxecto de execución e compromisos de dirección de obra debidamente visados polo colexio profesional correspondente, tal e como se sinala no informe da arquitecto asesor municipal.

Igualmente, acéptase a cesión gratuíta de terreos necesaria para o establecemento de aliñacións.

Segundo.- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e remataranse no de tres anos. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza. O prazo fixado para o inicio ou finalización da obra poderá prorrogarse por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa do interesado formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sea conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Cuarto.- Antes de comeza-las obras deberase proceder ó seu valado, segundo se sinalen polos servizos técnicos do concello, debendo colocarse dentro do perímetro valado tódolos materiais e maquinaria que se empreguen na súa construción.

Quinto.- A obra executarase baixo dirección técnica e coas debidas condicións de seguridade.

Sexto.- O Autorizado en canto suxeito pasivo do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza Urbana ven obrigado a formalizar a correspondente declaración de alta no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da terminación das obras, segundo se dispón polo artigo 76 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións de desenvolvemento, nomeadamente o Real Decreto 1448/1989, do 1 de decembro.

Sétimo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de **930,00** euros.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación de que a tenor do establecido no art. 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pon fin á vía administrativa, poderá presentar a súa elección:

Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que dictou este acordo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación.

Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

O prazo para resolución e notificación do recurso de reposición será de un mes, contra a desestimación expresa, ou presunta polo transcurso do prazo de un mes, poderá presentar recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional e no prazo antes mencionado.

Sen perxuízo disto, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

3.-Escritos varios.

3.1.-O da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sobre petición de informe expediente de novación aproveitamento dun

caudal de agua procedente dun pozo, na finca Fonte, no Lugar de Lama, T.M. de Lánacara con destino a usos domésticos e gandeiros, peticionario Antonio López López.

Visto o informe emitido polo encargado do servizo de augas do Concello e que resulta do seguinte teor literal:

"Don Luís Varela Fernández encargado do servizo de augas do Concello de Lánacara.

En relación a vivenda con referencia catastral 27026A010007900000ZP de Don Antonio López López, sita en Santiago de Souto Lama.

Informo que no lugar de Santiago de Soto A Lama existe red municipal de augas polo que a casa propiedade de Don Antonio López López pode ser abastecida da rede municipal, tendo acometida dita casa, según plan oque se adxunta"

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Asumir o informe emitido polo encargado do servizo municipal de auga.

Segundo.- Dar traslado á Confederación Hidrográfica Miño-Sil para unir ó expediente A/27/03603.

3.2.-O da Fegamp, sobre cuota afiliación ano 2016:116,28 euros e conta para ingresar ES78-2080-51155-9630-40006-1145

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación e aboar o pagamento da cota da FEGAMP correspondente ó ano 2016 por importe de **116,28 euros**.

3.3.-O de Orona, S Coop, no que expoñen que seguindo co seu compromiso coa sostenibilidade e co medio ambiente, ofrecen que o concello pode contribuir á redución de papel, facendo uso das tecnoloxías dixitiais para o rexistro dos partes de mantemento mensuais e os partes de pequenas reparacións e avisos, polo que ofrecen que a documentación quede almacenada na base de datos de Orona.

Tendo en conta que a tramitación do gasto público municipal necesita o respaldo documental das prestacións realizadas con carácter previo ó recoñecemento e liquidación da obriga

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Solicitar que o envío mensual da documentación operativa relativa á partes derivados do contrato de mantemento do elevador

da Casa do Concello se realice á conta de correo electrónico concello.lancara@eidolocal.es.

3.4.-O dos vecinos de Vigo de Galegos, no que expoñen que a situación de perigo na que se atopa o transformador da luz de Vigo de Galegos, por atoparse nunha curva moi pechada, instando ó Concello para que se fagan as xestións necesarias para que Gas Natural Fenosa proceda ao traslado do transformador de luz, por causar perigo para a seguridade vial.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Asumir a petición dos veciños de Vigo de Galegos dando traslado da petición a Gas Natural Fenosa, solicitando a substitución da construción que soporta o transformador da luz, substituíndoo por outro novo.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ós veciños interesados e a Gas Natural Unión Fenosa.

3.5.-Escrito de Dona María Teresa Fernández Rey, polo que formula recurso contra a providencia de constrinximento pola taxa de ocupación de espazo público correspondente ó ano 2013.

Basea as súas pretensións na falta de coincidencia da taxa liquidada coa ocupación efectiva mediante mesas.

O artigo 167.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria establece uns motivos taxados de oposición á providencia de constrinximento, entre os que se atopa: *d) Anulación da liquidación.*

Segundo consta nos informes emitidos polo funcionario do servizo e as liquidacións practicadas resulta:

Informe do funcionario			Liquidación realizada		
Mes	Nº mesas Importe/€	Mes	Nº mesas	Importe/€	
Maio	3	54	Maio	4	72
Xuño	3	54	Xuño	4	72
Xullo	3	54	Xullo	3	54
Agosto	3	54	Agosto	3	54
Setembro	0	0	Setembro	3	54

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar parcialmente as alegacións realizadas por dona M^a María Teresa Fernández Rey, anulando as liquidacións practicadas durante o ano 2013 pola taxa de ocupación de espazo público.

Concello de Lánacara

Segundo.- Dar traslado ó Servizo Provincial de Recadación da Deputación Provincial de Lugo para que anule a providencia de constrinximento nº de referencia 000241957284 ditada contra Dona M^a Teresa Fernández Rey por importe de 306 euros de principal e 30,60 euros de recargo.

Cuarto.- Practicar unha nova liquidación pola taxa de ocupación de espazo público por mesas e sillas, a dona M^a Teresa Fernández Rey pola instalación dunha terraza no establecemento Mesón O Neira, de A Pobra de San Xiao:

- Mes de maio: 3 mesas x 0,60 euros día: 1,80 euros x 30= 54 euros.
- Mes de xuño: 3 mesas x 0,60 euros día: 1,80 euros x 30= 54 euros.
- Mes de xullo: 3 mesas x 0,60 euros día: 1,80 euros x 30= 54 euros.
- Mes de agosto: 3 mesas x 0,60 euros día: 1,80 euros x 30= 54 euros.

Total taxa ocupación espazo público ano 2013: 216 euros.

Recursos: Contra esta liquidación poderá interpor diante do mesmo órgano que a aprobou, o recurso de reposición a que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tal como preceptúa o art. 14 do Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes a contar dende a notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpor o contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación. O prazo para interpoñer este recurso será de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica se produza o acto presunto, é dicir, un mes a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, de conformidade co establecido polo art. 14 da Lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 50/1998 de 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Así mesmo advírteselle que tamén poderá empregar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan diante da xurisdición competente.

Pago: Na Tesourería deste Concello, en horas de oficina no seguinte prazo.

Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte ou, se fose festivo ou coincidise en sábado, o inmediato hábil posterior.

Para as notificacións entre o 16 e o derradeiro día de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se fose festivo ou coincidise en sábado, o inmediato hábil posterior.

Pasados estes prazos sen efectuarse o ingreso, procederase o seu cobro pola vía administrativa de constrinximento, cos recargos, xuros de mora e gastos de exacción que se establecen na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación.

3.6.-O de Gas Natural Servicios, SDG, SA., no que mediante escrito de entrada no rexistro do concello de 16 de maio de 2016 reclama o importe de débedas pendentes por suministros de electricidade a dependencias municipais, con facturas de periodo de emisión entre o 9 e o 10 de xullo de 2015, por importe de 2.876,13 euros.

Perante esta reclamación, solicítouse por correo electrónico ó comercial de Gas Natural Servicios SDG, SA, o xustificante da presentación das facturas reclamadas no rexistro do Concello.

Con data 23 de xuño informan por correo electrónico:

"Acusamos recibo de su escrito, de fecha 15 de junio de 2016, en referencia a varios contratos, cuyo titular es el Ayto. de Lánacara, con CIF P2702600D. A continuación correspondemos a su solicitud.

Le comunicamos, tal y como le informábamos anteriormente, que desde GNS no disponemos de la información requerida por el ayuntamiento ya que la plataforma Face corresponde a la delegación de hacienda, no a nuestra comercializadora. En base a lo expuesto, le informamos de que, lamentablemente no disponemos de la citada información".

A base 14 das de execución do presuposto para 2016 establece que "o recoñecemento da obriga (O) é o acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito esixible contra a Entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido, **previa acreditación documental**, perante o órgano competente, da realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto, agás nos supostos de acumulación das fases de autorización, compromiso e recoñecemento".

Por outra banda, o artigo 3 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público establece que "El proveedor que haya expedido la factura por los servicios prestados o bienes entregados a cualquier Administración Pública, **tendrá la obligación, a efectos de lo dispuesto en esta Ley, de presentarla ante un registro administrativo**, en los términos previstos en el artículo 38 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, **en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación de servicios**. En tanto no se cumplan los requisitos de tiempo y forma de presentación establecidos en esta Ley no se entenderá cumplida esta obligación de presentación de facturas en el registro".

Tendo en conta que non consta acreditado que Gas Natural Servicios, SDG, SA dera cumprimento á presentación das facturas reclamadas en rexistro administrativo a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Requirir a Gas Natural Servicios SDG, SA para que **no prazo de dez días (10)** contados a partir do seguinte ó de recepción desta notificación, para que aporte o xustificante da presentación no rexistro administrativo correspondente das seguintes facturas, coa advertencia que de non facelo así teraselle por desistido da súa solicitudes en máis trámite que o arquivo da súa reclamación:

- FE15321177879040 por importe de 128,80 euros
- FE15321177879041 por importe de 147,11 euros
- FE15321177954227 por importe de 1.007,91 euros
- FE15321177854228 por importe de 157,57 euros

Concello de Lánacara

- FE15321177854229 por importe de 51,76 euros
- FE15321177854230 por importe de 98,64 euros
- FE15321177854231 por importe de 129,69 euros
- FE15321177854232 por importe de 160,39 euros
- FE15321177854233 por importe de 222,54 euros
- FE15321177854234 por importe de 151,61 euros
- FE15321177854235 por importe de 179,84 euros
- FE15321177854236 por importe de 82,73 euros
- FE15321177854237 por importe de 357,54 euros

Segundo.- Dar traslado deste acordo a Gas Natural Servicios, SDG, SA facéndolle saber que contra este acto non cabe recurso algún por ser de mero trámite.

4.-Autorización instalación terrazas na vía pública.

4.1.-Solicitud de dona Ana María López Alonso, para instalación de 4 mesas na Rúa Benigno Qurioga Nº 20, café-bar "O Xeitoso", durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a Dona Ana María López Alonso, autorización para a ocupación privativa de carácter temporal do dominio público municipal, con destino á instalación dunha "terrazza" na rúa Benigno Quiroga, 20 baixo a superficie a ocupar solicitada correspondente a 4 mesas.

A autorización concedida faise en precario, e estará sometida ademais ás seguintes condicións:

a).- A autorización terá unha duración dende 1 de xuño a 30 de setembro de 2016.

b).- Para delimitar a terraza deberán de colocarse vallas-separadoras de material axeitado.

c).- A limpeza da área ocupada, así coma a do seu contorno inmediato será da responsabilidade do autorizado.

d).- O horario de uso da terraza será o que teña autorizado o establecemento de que se trata.

e).- Non poderán instalarse altofalantes no exterior dos locais donde se exerce a actividade de bar.

Segundo.- Unha vez comprobado o dominio municipal ocupado pola colocación de mesas e sillas liquidase a taxa correspondente a razón de 0,60 euros/día por mesa, de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora da mesma é de 288,00 euros.

5.-Recoñecemento de trienios.

5.1.- Solicitud dedon Luís Varela Fernández, persoal laboral do Concello de Láncara, encargado do servizo de augas deste Concello, solicitando o recoñecemento do 8º trienio, xa que o 02-05-2016 cumpriu 24 anos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 8º trienio a favor do encargado do servizo de augas don Luís Varela Fernández, con efectos administrativos desde 2 de maio de 2016 e económicos desde o 1 de xuño de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo encargado da confección de nóminas.

6.-Aprobación memorias

6.1.- Memoria valorada da obra “Mellora e Acondionamento Tramo da Igrexa de Galegos dirección Asfarrapas”.

Vista a memoria valorada das obras epigrafadas redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 12.395,04 € máis 2.602,95 € de IVE, o que totalizan 14.997,99 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á Memoria valorada da obra “Mellora e Acondionamento Tramo da Igrexa de Galegos dirección Asfarrapas” redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 12.395,04 € máis 2.602,95 € de IVE.

6.2.-Memoria valorada da obra “Mellora no núcleo de Neira de Cabaleiros”.

Vista a memoria valorada das obras epigrafadas realizada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 3.011,10 € (2.488,52 € e 522,58 € de IVE).

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á Memoria valorada da obra “Mellora no núcleo de Neira de Caballeros” redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 2.488,52 € máis 522,58 € de IVE.

6.3.-Memoria valorada da obra “Mellora do camiño a Fondo de Vila, Monseiro.

Vista a memoria valorada das obras epigrafadas realizada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 2.328,31 € (1924,23 € e 404,08 € de IVE).

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á Memoria valorada da obra "Mellora do camiño a Fondo de Vila" redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 1924,24 € máis 404,08 € de IVE

6.4.-Memoria valorada da obra "Mellora de camiño en Sta. María de Lama".

Vista a memoria valorada das obras epigrafadas realizada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 1.655,88 € (1.368,50 € e 287,38 € de IVE).

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á Memoria valorada da obra "Mellora no camiño de Sta María de Lama" redactada por Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de 1.368,50 € máis 287,38 € de IVE

7.-Proposta de alcaldía relativa a asistencia a órganos colexiados de 28 de decembro de 2015 a 3 de xuño de 2016.

Logo de ler a proposta epigrafada que é do seguinte teor literal:

"Proposta de alcaldía relativa á aprobación de gastos por asistencias a órganos colexiados

Sendo necesario aprobar e pagar as dietas en concepto de asistencias a órganos colexiados e gastos de locomoción seguintes segundo o cadro que se recolle a continuación e consonte o acordado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 30 de xuño de 2015, imputables ás aplicacións orzamentarias 912.230 e 912.231 (asistencias e locomoción, respectivamente):

ASISTENTE	SESION	IMPORTE	RETENCION (2% IRPF)	LIQUIDO	KM.	A PERCIBIR
PABLO RIVERA CAPON	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05					
	XGL: 05-02; 19-02; 08-04	7x50=350,00	7,00	343,00	0	343,00
BEGOÑA LOPEZ MAGDALENA	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05					
	X.G.L.: 15-01; 05-02; 19-02; 04-03; 18-03; 08-04;					
	22-04; 06-05; 20-05; 03-06					

Concello de Láncara

	C. CUENTAS: 30-05	15x50=750,00	15,00	735,00	14x40=560x0,19=106,40	841,40
JOSE M. GARCIA ALDEGUNDE	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05					
	X.G.L.: 15-01; 05-02; 19-02; 04-03; 18-03; 08-04;					
	22-04; 06-05; 20-05; 03-06	14x50=700,00	14,00	686,00	14x22=308x0,19=58,52	744,52
OSCAR RODRIGUEZ LOPEZ	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05	4x50=200,00	4,00	196,00	4x22=88KM.x0,19=16,72	212,72
SANTIAGO CUBILLAS ALVAREZ	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05	4x50=200,00	4,00	196,00	0,00	196,00
JOSE MANUEL NEIRA CASTRO	PLENOS: 28-12-15; 31-03; 30-05					
	C. CUENTAS: 30-05	4x50=200,00	4,00	196,00	3x22=66x0,19=12,54	208,54
DANIEL FERNANDEZ FERNANDEZ	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05	4x50=200,00	4,00	196,00	0,00	196,00
ASUNCION NUÑEZ VALCARCEL	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05	4x50=200,00	4,00	196,00	4x40=160KM.x0,19=30,40	226,40
CARLOS FERNANDEZ DIAZ	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 30-05					
	C. CUENTAS: 30-05	4x50=200,00	4,00	196,00	0,00	196,00
IAGO BANDE CORTIZO	PLENOS: 28-12-15; 28-01; 31-03; 30-05					
	C. CUENTAS: 30-05	5x50=250,00	5,00	245,00	0,00	245,00
TOTAIS		3.250,00 €	65,00 €	3.185,00 €	224,58 €	3.409,58 €

Polo exposto propoño,

Aprobar e pagar os gastos por asistencia a órganos colexiados, e gastos de locomoción por importe de 3.250,00 e 224,58 euros, respectivamente”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

8.-Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos.

Deuse conta do oficio remitido pola Deputación Provincial en relación co Plan de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal para o ano 2016, do que quedou enterada a Xunta de Goberno Local, e no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Solicitar a inclusión no Plan de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal e de estradas para o ano 2016 das seguintes obras:

Concello de Láncara

- "Pavimentación e servizos en Touville e Santa María de Lama",
cun orzamento de 66.844,50 euros, co seguinte financiamento:

Deputación – 53.475,60 euros

Concello – 13.368,90 euros.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, da Deputación Provincial de Lugo.

9.- Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

Logo de ver as seguintes facturas:

9.1.-Mapfre España, Compañía de Seguros e Reasegros, S.A., fac. nº 201615977 póliza colectiva seguros asistencia sanitaria funcionarios integrados, 355,27 €.

9.2.-Limpergal, S.L., fac. nº 1333/2016, recollida lixo xuño, 4.884,92 €

9.3.-Intermax Technology SL, fac. nº 5276 internet banda ancha escolas, 196,02 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

10.-Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

Logo de ver as seguintes facturas:

10.1.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº C/4, avaría auga barrio dos Labregos, man de obra, 90,75 €.

10.2.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº C/5, avaría auga en Concepción Arenal, man de obra, 121,00 €.

10.3.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº C/6, avaría auga en Rúa Valdriz, 45,37 €.

10.4.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº C/7, avaría auga en barrio dos Labregos de rúa San Xulián, 45,37 €.

10.5.-Eusebio Loureiro Martínez, fac.nº E/10, avaría auga barrio dos Labregos, pala mixta, 137,94 €.

10.6.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº E/11, avaría auga rúa Concepción Arenal, 183,92 €.

10.7.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº E/12, avaría auga barrio dos Labregos rúa San xulián, pala mixta, 137,94 €

10.8.-Eusebio Loureiro Martínez, fac. nº E/13, retirar desprendemento de terra na estrada de Lánacara a Piqueira "Arroxo", 137,94 €.

10.9.-Cimesa S.L., fac. nº 01.00315, inspección inicial baixa tensión, escola de Santalla de Lagos, 175,45 €.

10.10.-Goretty Loureiro López, fac. Nº 9, limpeza chalests de Valdriz, 726,00 €.

10.11.-Quivacolor S.L., fac. nº CJ/160004, quivasil e DH-G, 540,14 €.

10-12.-Canteras de Muro, S.L., fac. nº 590, AF-T-0/2 G-L (5), 142,05 €.

10.13.-Asociación socio-educativa Antonio Gandoy, programa Espazo de Familias, curso 2015-2016, 1.388,30 €

10.14.-Walter Vázquez Doval (Meleiro), fac. nº 8, varanda e grellas, 853,05 €.

10.15.-Talleres José, fac. nº 1 201400107, reparación dacia/sandero 5744 GWT, 469,19 €.

10.16.-Wurth España, S.A., fac. nº 835067, desoxidante, disco e xestión residuos, 441,98 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

10.17.- Gran Despensa Real Abadía de Samos S.L., fac. nº 14/01, tartas de queixo, roscas e surtido de galletas variadas, feira de ano, 568,15 €

Compre sinalar que a presentación desta factura para recoñecemento da obriga é a primeira fase da que ten coñecemento esta entidade local

Visto o disposto na base 14ª apartados 1, 2, 4 e 5 das Bases de execución do vixente presuposto municipal que regula o recoñecemento da obriga "1) É o acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito exisíble contra a Entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido, previa acreditación documental, perante o órgano competente, da realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto, agás nos supostos de acumulación das fases de autorización, compromiso e recoñecemento.

2) A simple prestación dun servizo ou realización dunha subministración ou obra no é título suficiente para que a Entidade se reconoza debedora por tal concepto, se aqueles non foron requiridos ou solicitados pola autoridade ou órgano competente. Se non precedeu a correspondente autorización, poderá producirse a obriga unipersonal de devolver os materiais e efectos ou de indemnizar ao subministrador ou executante.

4) Recibidos os documentos referidos, remitiranse ao señor Alcalde, Concelleiro Delegado ou encargado municipal de obras e servizos, co obxecto de que poidan ser conformados, acreditando que o servizo ou subministración foi efectuado de conformidade coas condicións contractuais.

Concello de Lán cara

5) *Cumprimentado tal requisito, trasladaranse á Intervención, co fin de seren fiscalizadas, agás que se trate de operacións non suxeitas a fiscalización previa de conformidade co disposto polo artigo 219 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. De existir reparos, devolveranse á Alcaldía a fin de que sexan emendados os defectos apreciados, de ser posible, ou devoltas ao provedor ou subministrador, noutro caso, coas observacións oportunas".*

Considerando que non existe conformidade do señor Alcalde, nin do Concelleiro Delegado e preguntados os funcionarios municipais respecto dos honorarios de facturados por Gran Despensa Real Abadía de Samos, SL resulta que non consta autorización do gasto por este concepto polo que se trata dun subministro non requirido ou solicitado polo órgano competente

Os artigos 58 e 59 do Decreto 500/1990, de 20 de abril, dispoñen que:

"O recoñecemento e liquidación da obriga é o acto mediante o cal se declara a existencia de un crédito esixible contra a Entidade derivado dun gasto autorizado e comprometido."

*"Previamente ao recoñecemento das obrigas, **haberá de acreditarse documentalmente perante o órgano competente, a realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto.***

As Entidades Locais establecerán, nas bases de execución do presuposto, os documentos e requisitos que, de acordo con este tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga".

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Devolver a factura fac. nº 14/01 por importe de 568,15 € emitida por **Gran Despensa Real Abadía de Samos S.L.**, de suministro de tartas de queixo, roscas e surtido de galletas variadas, feira de ano, por non proceder o recoñecemento e liquidación da obriga polo importe antes cifrado, pois non consta acordo respecto do servizo prestado nin do seu importe que no seu día autorizara e comprometera o gasto.

10.18.- Cristina Vázquez López., fac nº A/16009, vestiario auxiliares do SAF, por importe de 1.078,01 €

Tendo en conta que non existe conformidade ó suministro realizado, por erros nas tallas

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Devolver a factura fac. nº A/16009 por importe de 1.078,01 € emitida por **Cristina Vázquez López**, por non proceder o recoñecemento e liquidación da obriga polo importe antes cifrado, pois non consta conformidade coa prestación realizada.

11.- Asuntos de urxencia.

Sometido a votación os asuntos 11.1 e 11.2 que por erro non van na orde do día, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, presta aprobación á urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria.

11.1.-Subvencións Xunta de Galicia.- Orde do 14 de xuño de 2016 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extrao4dinario de investimentos destinado á mellora de infraestruturas e quipaments nos concellos de Galicia.

Vista a Orde de referencia, e visto o antepoxecto redactado por don Marcos Vázquez Marey, enxeñeiro técnico agrícola Col 510, cun orzamento de 25.446,33 euros máis 5.343, 72 euros de IVE

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para "Traída de auga potable: Conexión traída de Lánacara con depósito de Oleiros" do Concello de Lánacara.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento establecidas na orde de convocatoria.

Terceiro.- Facultar ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

11.2.- Autorización de gastos. Seguros municipais.

Vistas as propostas de seguros

- Seguros Bilbao para o seguro do vehículo 8201 FDD Camión período 01/07/2016 ata 01/07/2017, por importe de 854,14 €
- Mapfre, seguro de accidentes alumnos actividades deportivas período 10/09/2016 ata 10/09/2017, por importe de 748,19 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015

(B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación e autorizar e dispoñer o correspondente gasto.

11.3.- Aprobación Padrón SAF xuño.

Vista a relación de usuarios do SAF básico/dependencia que achega a traballadora social do Concello correspondente ó mes de xuño de 2016, cun total de 33 usuarios por importe de 3025,53 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Padrón de usuarios do SAF básico/dependencia

Segundo.- Dar conta á tesourería municipal para que proceda a cargar os recibos nas contas facilitadas polos interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.